

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Francisco Javier Maneiro Porto, posto base do Servizo de PAS (Secretario)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO,)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG,)

Acta da reunión celebrada ás 09:30 horas do 30 de xullo de 2013, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta de data 19 de abril de 2013.
2. Cobertura das prazas de Técnico/a Especialista de Calidade Ambiental e Histoloxía e Técnico/a Especialista de Actividades do Medio Mariño.
3. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión.
4. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 19 DE ABRIL DE 2013.

Apróbase a acta por unanimidade.

2. COBERTURA DAS PRAZAS DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE CALIDADE AMBIENTAL E HISTOLOXÍA E TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE ACTIVIDADES DO MEDIO MARIÑO.

O Vicexerente de Recursos Humanos informa que ata o momento a ECIMAT so dispón de PAS laboral na área de servizos xerais mentres que as restantes actividades están a cargo de persoal contratado vinculados a programas e actividades de investigación. Como consecuencia dos recortes en todas as administracións este persoal esta a cesar, resultando urxente dotala do persoal imprescindible para garantir as áreas principais de actividade.

Ángel Torreiro pregunta cales son estas áreas e o Vicexerente explica que tería que consultar a documentación remitida polo Director da ECIMAT, pero que son tres, entre elas a de Medio Mariño e a de Calidade Ambiental e que se pretende que cada unha delas estea dotada

dun técnico superior e un técnico especialista, seis prazas en total. Serían prazas con certa especialización, esta é a razón de esixir determinada titulación (mergullador, patrón).

Luis Pérez bota en falta que non se acompañe dun informe explicativo sobre a necesidade das prazas e mostra a súa desconformidade coa convocatoria no sentido xa manifestado en anteriores ocasión, pola non consideración no marco dunha negociación de RPT. Ángel Torreiro tamén demanda a existencia de tal informe e María Fariza manifesta que este proceder da xerencia limita a capacidade negociadora dos comités respecto da RPT.

3. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.

Non hai cuestións neste punto.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Luis Pérez pregunta por qué xa non se publica a data de actualización das listas de espera na web; José Viña sinala que debe preguntar porque descoñece a razón. Luis Pérez pregunta tamén por qué hai persoas que figuran como “dispoñibles” nunha categoría mentres están a traballar noutra; José Viña explica que aínda que estean traballando noutra categoría, se figuran en varias listas, nas demais deben figurar na situación de “dispoñibles”, porque a opción entre contratos correspóndelles a eles segundo os criterios do Acordo.

Pregunta igualmente Luis Pérez se a unha persoa que está a traballar nunha categoría e renuncia ao posto para asinar un contrato nunha praza doutra categoría se lle borraría da lista de agarda da primeira. José Viña explica que non, xa que se deriva do exercicio do seu dereito a optar entre contratos, sería equivalente a unha renuncia xustificada.

Luis Pérez pregunta se sigue en vigor a penalización no caso de que alguén renuncie a un cambio de quenda e José Viña explica que sería de 6 meses para o persoal laboral fixo.

Ángel Torreiro agradece á Vicexerencia que tivera en conta a suxerencia feita na anterior reunión sobre a posibilidade de facer contratos a tempo parcial polos períodos nos que se estende a súa substitución, en lugar de por días discontinuos como se viña facendo.

Xan Cebro insta que se dea unha solución ás secretaría dos departamentos do Campus de Pontevedra, pois se ben se iniciara a negociación dunha modificación puntual da RPT que contemplaba esta cuestión, non chegou a levarse ao Consello de Goberno e estanse acumulando as tarefas. O Vicexerente indica que debe consultalo co Xerente que está en contacto coas direccións dos departamentos afectados.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 10:15 horas, da que como Secretario redacto esta acta.

